

## **PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os procedementos utilizados serán :

- Proba de avaliación inicial.
- Seguimento persoal do alumno .
  
- Observación da actitude, atención e esforzo na realización do traballo diario , tanto na aula como na casa.
- Resolución de exercicios.
- Realización de controis.
- Conduta adoptada polo alumno.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

- 40% Actitude,atención e esforzo na realización do traballo diario tanto na aula como na casa.
- 20% Resolución de exercicios.
- 30%Realización de controis.
- 10% Conduta.

## **CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS:**

### ***Contidos mínimos:***

- Lectura, escritura e comparación dos números naturais e decimais.
- Operacións con números naturais, decimais, e fraccións co mesmo denominador.
- División por tres cifras.
- Identificación de datos.
- Plantexamento e presentación das operacións.
- Cálculo das operacións.
- Unidades de lonxitude, peso, capacidade e tempo.
- Múltiplos e submúltiplos das unidades principais.
- Polígono: clases.
- Circunferencia.
- Poliedros, prismas, pirámides.

### ***Criterios de avaliación mínimos:***

- Le, escribe e ordena números naturais ata a centena de millón e decimais.
- Opera correctamente cos números naturais, decimais e fraccionarios co mesmo denominador.
- Divide por tres cifras
  
- Plantexa e resolve correctamente problemas sinxelos de operacións combinadas.
- Realiza estimacións e medicións utilizando as unidades principais, os múltiplos e submúltiplos.
- Recoñece e clasifica os distintos polígonos.
- Identifica a circunferencia e os seus elementos básicos.
- Diferenza: poliedros, prismas e pirámides.

## **10) ATENCIÓN A DIVERSIDADE PRESENTE EN TODAS AS VARIABLES**

Adoptaranse organizacións flexibles dentro da aula, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas. Levarase a cabo RE ben dentro como fora da aula, si así se considera necesario. De igual xeito elaboraranse AC encamiñadas a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (non significativas) e para aqueles casos nos que as diferenzas e as dificultades de aprendizaxe son máis permanentes ou graves (significativas).